

## **Textos de intervenciones en el acto del Premio Diego Bernal de 2019**

1. [Invocación al Apóstol Santiago por parte de María Méndez](#)
2. [Salutación del presidente de la APG](#)
3. [Laudatio por parte de Fernando Salgado](#)

**Invocación al Apóstol Santiago por parte de María Méndez**

## INVOCACION AL APOSTOL APG

Apóstol Santiago:

Son muchos los años que venimos acudiendo a tu casa para celebrar nuestro Santo Patrón, San Francisco de Sales. Y muchos también en los que venimos a invocarte nuestra oración en nombre de los periodistas gallegos.

Ante ti, una pequeña representación portadora de grandes peticiones que confiamos puedas presentar ante nuestro Señor.

Y es que, vivimos momentos de enorme incertidumbre en la profesión, señor Santiago. La crisis económica y las transformaciones que han tenido que sufrir nuestros grupos mediáticos en aras de avanzar cara al futuro, así como la aparición de nuevos soportes digitales, nos llevan a un panorama con un horizonte desconcertante y plagado de retos.

Pero también, de consecuencias que podrían amenazar muchos puestos de trabajo. Y sobre todo, menoscabar la confianza de los más jóvenes a la hora de optar por esta labor a la que hemos llegado por vocación.

Un quehacer al que quisimos dedicarnos para poner nuestros talentos al servicio del acontecer de los que no rodean. Por desear intermediar en el presente y en el futuro de los intereses generales de los seres humanos, y en las particulares de cada uno de nosotros.

Y por creer firmemente que desde nuestras diferentes atalayas, podemos inspirar un mundo más justo, más solidario, acorde a las virtudes de las que tuviste a bien hacer gala por tu caminar en este mundo.

Señor Santiago, nos falta mucha de la pasión y el coraje que tú mostraste en tu tarea evangelizadora y te hicieron ser llamado "hijo del trueno". Nos falta ese entusiasmo a la hora de clamar por la mejora de las condiciones salariales, cada vez más duras, de nuestros profesionales.

Y también, andamos escasos de esa valentía de la que nos dijese ejemplo en tu peregrinaje, para exponer las condiciones en las que muchos de nuestros colegas se enfrentan cada día a la inestabilidad.

Nuestra ofrenda Apóstol Santiago que hoy te presentamos, es la ilusión y el esfuerzo que nos mueve cada día por ser fieles a una tarea profesional tan amenazada. Y a pesar de las vicisitudes, pedirte que nos honres con esa enorme voluntad que te llevó a iluminar de fe a Europa.

Pedirte tu patrocinio para que la confianza depositada por muchos seres humanos en nuestro quehacer, nos erijan como humildes mediadores de sus inquietudes y les acerquen a la resolución de sus problemas.

Son estos tiempos en los que la inseguridad podría hacer vacilar nuestra ocupación. Por eso, Hermano Santiago, haz que nuestra labor esté trabada de sólidos valores que tengan como único fin, contribuir al desarrollo armonioso de nuestra sociedad y al bienestar material y moral de todas las personas.

Bendice Amigo Santiago, a todos los periodistas que hoy esperan una oportunidad y que tu divina intercesión les alcance. Y a todos los que ejercen la profesión o ya la han recorrido, que podamos ser siempre fieles seguidores de la libertad, de la verdad, de la justicia. Amén

## **Saludo del presidente de la APG**

## Salutación del presidente de la APG

Boas tardes a todos, moitas grazas por estar aquí un ano máis celebrando a festa do patrono dos periodistas e a entrega do Premio Diego Bernal na súa vixésimo carta edición.

Moitas gracias señor presidente por non fallar esta cita anual, precisamente nuns días de moita actividade en tódolos sectores sociais que requiren a súa atención.

Estamos a celebrar a entrega dun premio e unha festividade profesional, pero non son tempos de moita festa no sector do periodismo, onde as empresas teñen que votar moita imaxinación para seguir no mercado, nun mercado cada día mais incerto.

E si as empresas teñen un presente e futuro incerto, o exercicio do periodismo está a sufrir a mesma incerteza. Hai uns anos dicíamos que non había periodismo sen xornalistas, agora tamén podemos dicir que non hai periodismo sen empresas xornalísticas.

Estamos, por tanto, diante dunha situación complexa que exige esforzos das dúas partes, para que se manteñan as empresas e os periodistas.

Por si esto fose pouco, a propia identidade do xornalista está en cuestión. As redes sociais e Internet en xeral fan que calquera poida ofrecer informacións, escritas, faladas ou audiovisuais, sen garantías de veracidade, e considerándose verdadeiros xornalistas.

Moitas das funcións dos xornalistas e presentadores están sendo exercidas por actores e por profesionais do espectáculo que -certeramente e de forma moi competente-, garanten o divertimento, pero que van en detrimento da información rigorosa.

Creemos que o noso premiado de hoxe, Xosé Luis Vilela, está no medio deste difícil panorama profesional no que nos atopamos, tratando de conxugar a pervivencia dos profesionais e das empresas, o longo da súa xa extensa traxectoria periodística.

Son todos temas dignos de analizar profesionalmente nun foro ou congreso sobre a identidade actual do periodista e da empresa de comunicación, que agardo ver algún día feito realidade.

Pero agora xa momento de deixar paso os protagonistas da entrega do Diego Bernal.

Moitas gracias a todos.

**Laudatio por parte de Fernando Salgado**

## VILELA, PREMIO DIEGO BERNAL

Presidente da Xunta de Galicia,  
presidente da Asociación de Periodistas de Galicia,  
benqueridos Xosé Luís e Josefina, amigas e amigos:

Pedíronme que glosara aquí a figura de Xosé Luis Vilela, quen hoxe recibe o premio que leva o nome do noso recordado Diego Bernal. E puxéronme nun apreto, xa que esta é para min, despois dunha morea de anos no oficio e dalgúns miles de páxinas escritas, unha tarefa tan novedosa como difícil.

Porque, decídeme, cómo se fai a laudatio dun amigo?

Que podo dicir para que as miñas palabras non sexan interpretadas como un tributo á unha amizade de catro décadas e, xa que logo, viciada de orixe?

Que argumentos podo utilizar, sen caer no tópico ou na sensiblería, para demostravos que, malia ser eu xuíz e parte, a sentenza da Asociación de Periodistas de Galicia é tan xusta como tardía?

Que louvanzas podo verter sen facerme sospeitoso de darlle xabón ó xefe, porque, a fin de contas, Xosé Vilela e máis o secretario de Estado da Seguridade Social son, hoxe por hoxe, os garantes da miña nómina mensual?

A falta dun manual de estilo acaído ó caso, recurrín en petición de socorro a Caetano, o terceiro vértice dunha vella trinidad laica fraguada nos fogóns de La Voz de Galicia, pero tampouco el me sacou todas as castañas do lume.

Así pois, botei man da acta levantada pola xente de Maneiro, na seguridade de que alí, condensados en media ducia de palabras, estaban os dous conceptos que fan a Vilela merecedor deste recoñecemento dos seus compañeiros: o seu perfil humano e o seu historial profesional. Ou sexa: un periodista de raza e unha boa persoa, dúas condicións que raramente van emparelladas.

Moitas veces pregúntome se os periodistas somos boas persoas. Confésovolo aquí en familia, e na confianza de que o señor presidente, o noso convidado de honra, sabe ser discreto cando quere e non vai utilizar partidistamente o que estou a dicir.

A dúbida asáltame: merecemos ou non o epíteto de canallesca que nos endosaron as nosas vítimas? Pode ser unha persoa de ben ese individuo que se dedica a rebuscar nas letrinas da sociedade, que só considera noticia a do home que morde ó can, que só lle interesa o político que mete a gamba ou a man na caixa, que sobrevoa as desgracias e catástrofes coma un voitre, que axexa nas esquinas para descubrir o

veciño que defrauda ó fisco, o banqueiro que impón cláusulas abusivas, o empresario que despide traballadores?

Unha vez chamáronme a dar unha charla no cárcere de Monterroso e os presos puxéronme a caldo: a maioría estaba alí, non por orde do xuíz, senón polas noticias falsas que seica propalamos os periodistas.

Dicía George Orwell que o periodismo consiste en publicar aquilo que alguén non quere que publiques; e que todo o demais só son relacións públicas. É dicir, nesa versión, o periodismo auténtico consistiría en amolar á xente, por turnos sucesivos ou por parroquias.

Se o autor de *Rebelión na granxa* estaba no certo, Xosé Luís Vilela é a gran excepción. Porque el é un facho de dignidade e bonhomía. Cidadán exemplar sen aristas nin reviravoltas. Un corazón que bombea nobreza, que quere, que se deixa querer e que se fai querer. O compañeiro ideal, inmune ó andazo de vaidades que corroe esta nosa familia desestruturada, o colega con quen desexas celebrar os trunfos e compartir os fracasos.

Esas cualidades deste rapaz de Muxía, humilde e brillante en singular simbiose, non parecían *a priori* as máis axeitadas para sobrevivir entre os depredadores do oficio. Mais se reparades na súa folla de servizos, comprobaredes que non só resistiu, senón que alcanzou a cima da profesión. Conquistou o Everest co que soñabamos aqueles estudantes galegos das primeiras facultades de Periodismo: a dirección de La Voz de Galicia.

Perfil humano e historial profesional. Deixádeme contar unha anécdota para ilustrar ese binomio que recolle a acta.

Ano 1985. La Voz de Galicia realiza un gran despregue co gallo das segundas eleccións autonómicas. Crea un suplemento especial diario para informar da campaña electoral e dos resultados. O cadernillo ábrese cunha crónica que condensa e analiza o acontecido na xornada. O director, o recordado Juan Ramón Díaz, encárgalle a delicada tarefa —case que o editorial do periódico— a quen para min era daquela o mellor analista político de Galicia. Non direi o seu nome para non entrarmos en debate nin desmerecer a outros grandes politólogos de onte e de hoxe.

Na medianoite do luns, 25 de novembro de 1985, o noso periodista anónimo dispónse a escribir a súa última crónica. As eleccións, celebradas o día antes, gañáraas Coalición Popular, que quedaba a dous escanos da maioría absoluta. Porén, aínda está pendente o reconto do voto emigrante que lle pode proporcionar esa maioría. De aí o título da crónica: “La mayoría viaja en sacas”.



Pois ben, o noso analista estrela ponse a teclear con axilidade os primeiros parágrafos do seu texto e, de súpeto...¡zas!: o bloqueo. Esa terrible sensación de parálise que todos os periodistas á vella usanza vivimos algunha vez: un cortocircuito das neuronas, a mente que fica en branco, os dedos que se paralizan no teclado da máquina de escribir. Pasmado e aturullado polas urxencias da rotativa, o cronista olla a dereita e esquerda con desconsolo de náufrago, ata que atopa, na mirada limpa do xefe de peche, a táboa salvadora. E velaí que acude Xosé Luís Vilela ó rescate, senta diante da máquina, bótalle un vistazo rápido ó escrito, colle o fío do relato e, nun santiamén, redondea a mellor crónica da serie.

A crónica describía a angustia dos partidos na noite electoral, todos mirando de esguello esas sacas que chegaban de América, porque ninguén sabía qué tipo de cesto nin de goberno se podía tecer con aqueles vimbios. Nin os conservadores de Albor e Barreiro, nin os socialistas de González Laxe, nin os coagas de González Mariñas estaban enteiramente satisfeitos. O dobre comentarista de La Voz incluso se aventuraba nos eidos da profecía cando suxire unha lexislatura convulsa, que a foi, ou cando debuxa a Xosé Luís Barreiro como “un político imprescindible para cualquier proyecto de gobierno que salga del tormentoso día después”.

Apenas dous anos despois, xa sabedes, pasou o que pasou. E Xosé Luís Vilela seguía estando alí para contalo ou para axudar a contalo. Sempre estaba alí. Se a vella redacción de La Voz en Catro Camiños fose un campo de fútbol, Vilela era o xogador que sacaba o córner e aínda corría a rematalo na área. Metía o gol pola escadra, en forma dun brillante artigo en defensa do galego, ou dunha documentada reivindicación do noso teatro, ou dunha profunda esculca na poesía de José Ángel Valente ou de Gabriel Celaya; e mentres os demais estabamos a celebrar o tanto, xa andaba el achicando balóns da portería e suplindo as pifias e gazapos que cometía a defensa.

Dese crac, que escribía pezas espléndidas en galego e castelán, queda constancia nas hemerotecas. Pero do seu labor calado na retagarda non quedou rexistro porque non llo permitiu a súa modestia; dese traballo na sala de máquinas ou tras o telón, só queda un rastro na memoria dos seus compañeiros e beneficiarios.

Xosé Luís Vilela é o paradigma galego do periodista total. Un periodista total forxado en La Voz de Galicia.

A súa historia profesional comeza o día en que Santiago Rey, cando empezan a albiscarse os primeiros resplandores da democracia en España e da autonomía en Galicia, se propón renovar a tripulación do navío que fundara o seu avó para convertilo no buque insignia da armada mediática galega. E abofé que recrutou a xente variopinta. Algúns, barbudos e desguedellados; outros, lampiños e de traxe impecable. Mozos de diversa procedencia ideolóxica e política, ubicados uns a babor e outros a estribor, quizais para equilibrar o barco. Algúns con experiencia mariñeira

e outros aínda inexpertos. O armador saberá qué criterios utilizou na selección, pero eu teño para min que só buscaba suxeitos atrapados en dúas paixóns: a do periodismo e a de Galicia.

E así fomos subindo a bordo, entre finais dos anos setenta e principios dos oitenta, recibidos en cuberta polo capitán Juan Ramón Díaz, os mariñeiros da miña xeración. Paco Ríos e Xosé López, Paco Campos e Xosé Ramón Pousa, Caetano Díaz e Leoncio González, Gaciño e Valentín Alejandro, Julio Fariñas e Juancho Martínez, José Luis Gómez e Soledad Michelena e Jacinto Ruiz... Como non os podo citar a todos, permitíndeme que nos represente último que nos deixou definitivamente: Arturo Lezcano, o amigo Ruco Lezcano.

Xosé Luís Vilela foi dos primeiros en embarcar e aínda segue a bordo. Máis de coarenta anos de navegación, sempre baixo o mesmo pabellón, facendo e contando, contando e facendo a historia de Galicia das últimas catro décadas. Máis de cen mil horas efectivas de traballo, segundo os meus cálculos pedestres, posiblemente máis tempo do que pasou nunca a carón de Josefina.

Sempre fiel á mesma empresa, mentres outros aproveitabamos a escala nalgún porto para dirixirnos á universidade, facer unha excursión pola Administración pública ou enrolarnos noutra navieira. Por iso, a folla de vida laboral de Xosé Luís Vilela só ten unha liña que di: La Voz de Galicia. Ben é certo que, sen quitarlle mérito algún, todo iso sucedeu antes do novo modelo laboral. Se empezara hoxe, teríao máis crudo.

De grumete a capitán, Vilela subiu todos os chanzos do escalafón dun periódico. Chegou a coñecer coma ninguén a tripulación continuamente renovada, todos os recantos do buque e a súa folla de ruta. Esa comprensión global convertiuno en redactor do ideario e das normas de navegación: el é o responsable do Manual de Estilo de La Voz, publicado en 1992. E tamén, porque todos os periódicos necesitan facerse un *lifting* cada dez anos aproximadamente, o responsable das operacións de ciruxía estética: os redeseños do periódico de 1991 e 2002 son obra súa e a imaxe actual, debuxada cando xa el ostentaba os galóns de comandante da nave.

Vilela tocou, sen desafinar nunca, todas as teclas do oficio. E aínda que nesa polifonía hai notas diversas, desde pezas sobre economía ata información política ou de sucesos, heime de referir simplemente á súa faceta de periodista cultural.

Porque Vilela exerceu, e dóeme falar en pasado, como crítico solvente de arte e de teatro: unha crónica súa sobre o teatro galego mereceu o premio Galicia de Xornalismo en 1987. Asinou durante anos, no suplemento cultural ou nunha sección denominada Bibliomanía, excelentes recensións de libros: aínda recordo unha memorable páxina súa sobre Fernando Pessoa, unha das súas devocións. E foi tamén un perspicaz columnista, case sempre con artigos escritos en galego, que en ocasións

compartía páxina co Can de Buridán de Camilo José Cela, esporádicas colaboracións de Manuel Rivas e as viñetas de Siro ou de Xaquín Marín.

É unha pena que Xosé Luís Vilela, que humanamente segue a ser aquel humilde rapaz de Muxía que desembarcou na Coruña hai máis de catro décadas, non recolla nun libro un monllo desas pequenas xoias literarias que puliu nos anos oitenta.

Como tamén é unha mágoa que non se atreva a dar a luz os centos de poemas que, eu sei, garda baixo chave na casa.

Imos ver se con este recoñecemento que lle brindamos, e coa complicidade de Josefina, conseguimos arrincarlle o último dos seus secretos.

Moitas grazas.